



## ANUNCIO

### III CERTAME DE ESCAPARATES DE NADAL ANO 2023

**Expte Admvo.:** 2022/X999/000042

Tendo en conta a boa recepción deste Certame nas súas dúas edicións anteriores, a principal novidade deste ano é non só realizar a terceira edición deste Certame entre os comercios da nosa vila, senón que o é, o facelo inclusivo para todos aqueles locais locais do empresariado, e tamén para os de hostalaría do Concello de Laxe.

Nos seus comezos, este Certame nace cos obxectivos de dinamizar e promocionar o comercio local, así como co de recoñecer e dar a coñecer os esforzos que estes realizan na decoración e ambientación dos seus establecementos comerciais nestas datas do Nadal.

Este ano, tendo en conta o esforzo que tamén realización nesta ambientación e decoración a hostalaría do noso Concello, entendemos que supón unha mellora da iniciativa o facela extensiva tamén para os locais de restauración, aloxamentos e empresariado en xeral do noso Concello.

Á vista destes antecedentes a para o seu xeral coñecemento esta alcaldía comunica que por Resolución núm.1023/2023 de data 15/12/2023, aprobáronse as seguintes:

#### [“ BASES REGULADORAS PARA A CELEBRACIÓN DO “III CERTAME DE ESCAPARATES DE NADAL” DO 2023](#)

##### INTRODUCCIÓN

O obxecto deste certame consistirá en valorar, recoñecer e premiar a mellor decoración dos escaparates dos comercios e locais de hostalaría do Concello de Laxe que desexen participar no Certame neste nadal 2023-2024.

No caso de que os locais non dispoñan de escaparate, poderán participar coa decoración das súas entradas ós seus negocios ou espazos que habiliten con decoración.

Neste certame, o xurado, estará composto pola poboación en xeral, e a veciñanza do noso concello en particular.

Toda persoa que desexe emitir o seu voto, poderá facelo a través da cante do Facebook do Concello de Laxe e tamén a través do servizo municipal de mensaxería Whatsapp denominado “NovasLaxe”. É dicir, cada persoa que así o desexe, poderá emitir dous votos durante o período de votacións do certame.

##### 1. PARTICIPANTES.

Poderán participar neste certame todos os comercios e locais de hostalaría e do empresariado do Concello de Laxe que así o comuniquen e manifesten ó Concello de Laxe.

##### 2. INSCRIPCIÓN FORMAL E PRAZOS.

- **INSCRIPCIÓN:** Cada establecemento ou local que desexe participar, deberá remitir ó Concello de Laxe a folla de inscrición que aparece como anexo a estas bases **ENTRE OS DÍAS 18/12/2023 e o 22/12/2023.**

Xunto coa folla de inscrición, **CADA ESTABLECIMENTO E/OU LOCAL REMITIRÁ O CONCELLO UN MÁXIMO DE DÚAS FOTOGRAFÍAS** da decoración coa que desexe participar, que necesariamente reunirá as seguintes características:

- formato .jpeg ou .png que non poderá conter textos nin marcas de auga e que, en todo caso, deberá ter unha resolución e enfoque suficiente como para poder compartilas a través da rede de internet e whatsapp a través das cales as persoas emitirán os seus votos.
- Para garantir a calidade do envío das imaxes, deberá remitirse un duplicado das fotografías remitidas coa solicitude de participación por correo electrónico ó enderezo de [cultura@concelloelaxe.com](mailto:cultura@concelloelaxe.com), sinalando no asunto o nome do establecemento e/ou local participante.

Con dita inscrición, a persoa que a asine, preferentemente a persoa propietaria do comercio, comunicará tanto o seu desexo de participar no “III Certame de escaparates de Nadal” organizado polo Concello de Laxe como a aceptación das presentes bases.

- **A TRAMITACIÓN DA INSCRIPCIÓN,** poderá facerse entregando a mencionada folla de inscrición de forma **presencial na Casa do Concello, ou de xeito telemático,** a través da sede electrónica municipal ([sede.laxe.es](http://sede.laxe.es)), cumprimentando o trámite de solicitude xeral e achegando a folla de inscrición como arquivo anexo á solicitude, que estará dispoñible para a súa descarga na web municipal.
- **PRAZO E FORMA DAS VOTACIÓNS:** dende a publicación das imaxes o día **26/12/2023 ata as 12.00 horas do día 08/01/2023** a través da cante do Facebook do Concello de Laxe e tamén a través do servizo municipal de mensaxería Whatsapp denominado “NovasLaxe”.
- **RESOLUCIÓN DO CERTAME, ENTREGA DE DIPLOMA E AGASALLO CONMEMORATIVO** a aquel establecemento ou local que máis votos reciba a través das dúas canles de votación habilitadas. Sempre que sexa posible, realizarase o **12/01/2024.**



### **3. VOTACIÓNS.**

Para que cada persoa poida emitir o seu voto, habilitaranse **2 vías para poder facelo**:

**3.1 Por mensaxería Whatsapp** enviando unha mensaxe **ao número de teléfono municipal de “NovasLaxe”: 657 771 006** co nome do establecemento ou local elixido. Cada persoa poderá emitir por esta vía un único voto a un único establecemento ou local. No caso de emitir varias votacións unha mesma persoa a través desta canle, só será tida en conta a emitida en primeiro lugar.

**3.2 A través da páxina do Facebook do Concello de Laxe**, outorgando un “me gusta” ou “me encanta” á imaxe do escaparate/local mellor decorado. Neste caso, serán tidos en conta todos os votos emitidos nas diferentes publicacións que se fagan deste Certame.

### **4. XURADO E PROCEDEMENTO PARA A ELECCIÓN DO ESTABLECIMENTO OU LOCAL GANADOR.**

- O xurado estará formado por todas aquelas persoas que emitan os seus votos a través do Facebook e WhatsApp municipal.
- O establecemento/local gañador, será aquel que máis votos reciba a través das dúas canles antes mencionadas.
- Do procedemento:
  - **Ás 12.00 horas do LUNS 08 DE XANEIRO** pecharase o prazo para emitir as votacións e procederase a facer o recuento destas. Non serán tidas en conta todas aquelas que se emitan despois do horario indicado e procederase á captura das votacións emitidas en cada unha das votacións da rede social de Facebook.
  - **Persoal traballador** do Concello será o encargado de recopilar e sumar de forma obxectiva todos os votos emitidos polas dúas canles xa citadas, e será quen emitirá **proposta de resolución** do Certame á alcaldía en base a este recuento.
  - **O procedemento concluírase por Resolución da alcaldía**, na que se fará constar tanto o recuento dos votos emitidos como o o resultado do comercio ou local gañador do certame desta edición.

### **5. PREMIO.**

- Unha vez feito o recuento dos votos, comunicáraselle persoalmente este resultado ó establecemento ou local gañador.
- Sempre que as circunstancias o permitan, **O VENRES 12/01/2024**, faráselle **entrega dun diploma e agasallo conmemorativo á persoa propietaria do comercio ou local gañador ou persoa en quen delegue** no seu propio local ou establecemento.
- Unha vez **entregado o premio, difundirase o resultado deste certame, así como o sumatorio dos votos emitidos**, a través das canles dixitais municipais, así como tamén a través dos medios de comunicación locais habituais.

### **6. DEREITOS DE AUTOR e PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

- O Concello de Laxe, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación das fotografías tomadas dos diferentes establecementos e locais inscritos neste certame, sen que, en ningún caso, medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda, nin ser esixibles dereitos de autor.
- Cada comercio participante no devandito Certame consinte que o Concello de Laxe faga públicos os datos relativos ó nome, enderezo e datos de contacto do comercio, así como a fotografía da persoa que recolla o agasallo no momento de entrega do premia, facéndose esta imaxe pública para o seu xeral coñecemento, tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe.
- Os datos persoais recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar este e executalo.
- O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s que emitan os seus votos, en ningún caso serán feitos públicos, pero si serán necesarios para verificar a súa identidade na emisión dos votos.
- De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados. Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a [cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com) ou enviando unha carta ó noso enderezo postal: Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, 15117 Laxe, A Coruña.

### **7. A participación neste certame supón a TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES.**



Na súa virtude, esta alcaldía,

**RESOLVE:**

**Primeiro e único: aprobar a proposta da Concellería de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura para a celebración do “III CERTAME DE ESCAPARATES DE NADAL” deste ano 2023.**

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura dixital, o 1º tenente de alcalde, don Francisco Charlín Oróns, en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe, do que eu, secretaria, dou fe.

O 1º tenente de alcalde,  
Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,  
Begoña Carrasco García”



## ANEXO I

### FORMULARIO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO III CERTAME DE ESCAPARATES DE NADAL DO CONCELLO DE LAXE

<b>RAZÓN SOCIAL</b>	
<b>NOME COMERCIAL</b>	
<b>NIF / CIF</b>	
<b>DOMICILIO FISCAL E SOCIAL</b>	
<b>DIRECCIÓN DO COMERCIO / LOCAL</b>	
<b>NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE</b>	
<b>DNI DO/A REPRESENTANTE</b>	
<b>TELÉFONO</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	

#### EXPOÑO:

Que lidas as bases da convocatoria do “III CERTAME DE ESCAPARATES DE NADAL” organizado polo Concello de Laxe para este ano 2023 ,

#### DECLARO:

- Que cumpro cos requisitos establecidos na convocatoria e que os datos indicados son certos, así como que dispoño de comercio ou local permanente no Concello de Laxe.
- Que autorizo ao Concello da Laxe para a difusión pública do meu nome comercial, e ao tratamento dos datos achegados nos termos que se establecen nas bases da convocatoria.

#### Polo exposto, SOLICITO:

A miña inscrición e participación como comercio ou local do Concello de Laxe no “III CERTAME DE ESCAPARATES DE NADAL” organizado na súa edición do ano 2023 .

En Laxe, a \_\_\_\_\_ de decembro de 2023.

(sinatura)

#### CONCELLO DE LAXE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)